



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Lingua Galega: Norma e Usos	Código	613G02038	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	x.m.sanchez.rei@udc.es	
Profesorado	Freixeiro Mato, Xose Ramon Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es x.m.sanchez.rei@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo das relacións entre lingua, norma e usos no nivel oral e escrito e a súa plasmación na lingua galega, con atención a aqueles aspectos máis singulares que se producen nos diferentes planos da lingua.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1		
	A10		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.	A4		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Dominar a gramática da lingua galega.	A21		
Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega	A23		
Coñecer a variación lingüística da lingua galega	A25	B8	
Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía	A29		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B2	
		B5	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Norma, usos e variación	1.1. O concepto de norma e o seu valor simbólico 1.2. Usos lingüísticos 1.3. O proceso de estandarización da lingua galega 1.4. A variación lingüística no galego actual 1.5. A linguaxe técnica e especializada
2. Norma, modelos lingüísticos e desvíos	2.1. Modelos de lingua: oral / escrita, popular / culta, urbana / tradicional etc. 2.2. Arcaísmos, dialectalismos, vulgarismos 2.3. Españolismos e pseudogaleguismos 2.4. Empréstimos
3. Norma e calidade lingüística	3.1. A necesidade dun uso modelar da lingua galega: a calidade lingüística 3.2. Aspectos ortográficos e fonéticos 3.3. Aspectos morfosintácticos 3.4. Aspectos léxico-semánticos 3.5. Aspectos pragmático-textuais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A15	21	21	42
Obradoiro	A1 A29 B1 B7	16	16	32
Lecturas	A23 A25 B8	0	12	12
Traballos tutelados	B1 B2 B3 C4 C7	1	29	30
Presentación oral	A4 B4 C1	1	10	11
Proba mixta	A1 A9 A10 A21 B5	0	20	20
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contémpanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos, a resolución de problemas, exercicios varios etc.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas polo profesor.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo dirixido polo profesor e escollido entre varios temas propostos no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Proba mixta	Proba escrita en que se deberán mostrar os coñecementos e as competencias adquiridas. Esta proba realizarase na data, hora e lugar establecidos no calendario oficial de exames da Facultade de Filoloxía.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Presentación oral Obradoiro Traballos tutelados	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado" e da "Presentación oral" e tamén para as sesións prácticas do "Obradoiro". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A9 A10 A21 B5	Na 1.ª oportunidade (xaneiro) realizarase unha PROBA MIXTA ESCRITA en que se avaliarán os contidos e as competencias adquiridas na materia. Esta proba realizarase na data, hora e lugar establecidos no calendario oficial de exames da Facultade de Filoloxía.	50
Presentación oral	A4 B4 C1	Na PRESENTACIÓN ORAL derivada do &quot;Traballo Tutelado&quot; avaliarase a competencia comunicativa (comprensión, expresión e interacción orais), a calidade da lingua e os recursos expositivos empregados polo alumnado.	10
Obradoiro	A1 A29 B1 B7	Nas sesións de OBRADOIRO realizaranse actividades prácticas avaliábeis derivadas das SESIÓNS MAXISTRAS (análise de textos, estudo de fontes documentais etc.).	10
Traballos tutelados	B1 B2 B3 C4 C7	No TRABALLO TUTELADO porase en valor fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clarezza expositiva e a calidade expresiva.	30

#### Observacións avaliación



1. Para superar a materia, o alumnado deberá

conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 valores sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 4 valores sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.

2.

O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

Igualmente, todo o tipo de actividade ou proba deberá cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.). Se houber deficiencias lingüístico-expresivas, estas serán penalizadas na cualificación.

3. O

alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante estudiantado. Se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Tamén deberán pórse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatible co seguimento da materia, mais que non cumprisen as condicións para obter a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.

4.

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na ocasión anterior, só que o "Traballo tutelado" pasará a ser puntuado con 4 valores, absorbendo así o "Obradoiro", que desaparece como elemento de avaliación. Antes da data oficial do exame ten de ser entregue o "Traballo tutelado". No caso da "Presentación oral", marcarase un día para a súa realización. De haber convocatoria adiantada de decembro, serán aplicados idénticos principios de avaliación que na oportunidade de xullo.

5. A

cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando se der algún dos seguintes supostos: a) o alumno ou a alumna non realizou a "Proba mixta"; b) a alumna ou o alumno non entregou nin realizou ningunha das actividades previstas ("Traballo tutelado", "Presentación oral"); c) o alumno ou a alumna non fixo nin a "Proba mixta" nin realizou ningunha das actividades programadas ("Traballo tutelado" e "Presentación oral").

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Alonso Pintos, S. (2006). O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza
- Álvarez, R. / Monteagudo, H. (eds.) (2005). Norma lingüística e variación. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega
- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo: Xerais
- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais
- Lagares, X. / Bagno, M. (orgs.) (2011). Políticas da norma e conflitos lingüísticos. São Paulo: Parábola
- RAG / ILG (2003). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. A Coruña: RAG / ILG
- Sánchez Rei, X. M. (2011). Lingua galega e variación dialectal. Santiago de Compostela: Liovento
- Sanmartín Rei, G. (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2012). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña: UDC
- Sánchez Rei, X. M. (coord.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía Edicións
- Vidal, P. (2010). O debate normativo da lingua galega (1980-2000). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Bagno, M. (2001). Dramática da língua portuguesa. Tradição gramatical, mídia &amp; exclusão social. São Paulo: Edições Loyola</li><li>- Bagno, M. (2005). A norma oculta. Língua &amp; poder na sociedade brasileira. São Paulo: Parábola</li><li>- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da Língua Galega (4 vols.). Vigo: A Nosa Terra</li><li>- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2012). Criterios para o uso da língua. A Coruña: SNL da UDC</li></ul> <p>&lt;br /&gt;</p>
------------------------------------	--

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías